

Segunda parte do primeiro exercicio–Promoción interna-Grupo C

PARLAMENTO DE GALICIA

O exercicio consistirá no estudo e análise da documentación que se lle achega, que contén iniciativas parlamentarias, a partir da que deberá desenvolver as seguintes cuestións:

1. PREPARAR UNHA CONVOCATORIA DE MESA DA COMISIÓN

1.1 Redacte a convocatoria da Mesa da Comisión, fixada para o día 15 de decembro de 2020. (5 puntos)

1.2 Unha vez redactada envíea en formato PDF, a través do Outlook, ás cinco persoas integrantes do Tribunal.(1 punto)

2. PREPARAR A CONVOCATORIA DA COMISIÓN

2.1 Redacte a convocatoria da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, para o día 28 de decembro, incluíndo todos os asuntos susceptibles de constar nela, conforme a documentación proporcionada. (5 puntos)

2.2 Unha vez redactada, envíea en formato PDF, a través do *Outlook*, ás cinco persoas integrantes do Tribunal, que serán para estes efectos os membros da Mesa da Comisión. (1 punto)

3. PREPARAR TÁBOA DE EXCEL

Confeccione unha táboa Excel na que conste o resultado das votacións das proposicións non de lei de cada Grupo Parlamentario, incluídas na orde do día da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, presumindo que o resultado en cada unha delas foi de 2 votos a favor, 3 abstencións e 7 en contra.

A dita táboa de Excel deberá ser enviada por *Outlook* ás cinco persoas integrantes do Tribunal, que serán para estes efectos os membros da Comisión. (3 puntos)

- No desenvolvemento do exercicio valorarase a correcta utilización das ferramentas informáticas, a maquetación do documento, a ortografía, orde e



claridade da linguaxe administrativa, e o axuste do seu contido aos modelos habituais empregados polo Parlamento de Galicia e que poderá consultar na páxina web do Parlamento de Galicia.

- Tempo máximo de duración proba: 2 horas.

Relación correos electrónicos das persoas integrantes do Tribunal para o desenvolvemento da proba:

Documentación para o desenvolvemento do exercizo:

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 5 de outubro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite e publicación

- 2524 (11/PNP-000251)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co transporte do alumnado de bacharelato afectado polas modificacións horarias establecidas nos centros educativos de educación secundaria de Lugo, con motivo da covid-19

- 2532 (11/PNP-000252)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas terapias de atención temperá para nenos e nenas con parálise cerebral contratadas polo Sergas co centro San Rafael, de Vigo

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 1484 (11/PNC-000138)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez Piñeiro, Iago e 4 máis

Sobre a adopción de medidas por parte do Goberno galego para paliar a situación de desgoberno que se está a vivir no Concello de Ourense

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 2523 (11/PNC-000266)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co transporte do alumnado de bacharelato afectado polas modificacións horarias

establecidas nos centros educativos de educación secundaria de Lugo, con motivo da covid-19

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 2531 (11/PNC-000267)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas terapias de atención temperá para nenos e nenas con parálise cerebral contratadas polo Sergas co centro San Rafael, de Vigo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 2539 (11/PNC-000268)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa realización de procesos selectivos centralizados para os corpos de Policía Local

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 2541 (11/PNC-000270)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co déficit de efectivos da Unidade de Policía Adscrita, así como de axentes da Policía Nacional existente en Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

2551 (11/PNC-000271)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o inicio polo Goberno galego no último trimestre de 2020 do debate para a actualización do Pacto local de Galicia no seo da Comisión Galega de Cooperación Local

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 2554 (11/PNC-000272)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa participación da Xunta de Galicia no financiamento dos concellos, o incremento do Fondo de Cooperación Local e o establecemento no ano 2020 dos criterios de distribución das subvencións ás entidades locais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 2967 (11/PNC-000332)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar cabo o Goberno galego para a creación dun terceiro xulgado no partido xudicial de Viveiro e a diminución da demora na incoación de asuntos civís nos existentes na actualidade, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

Admisión a trámite e publicación

- 3333 (11/POP-000407)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do impacto que tivo a pandemia, en especial o confinamento, nas mulleres

- 3343 (11/POP-000408)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de elaborar e aprobar unha nova estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, á luz da Lei europea do clima e do mandato do Parlamento Europeo ao respecto

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 2522 (11/POC-000399)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre o gromo de covid-19 detectado na residencia de persoas maiores Nosa Señora do Viso, en Lobeira, na provincia de Ourense, e as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para a súa prevención, detección e control

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 2543 (11/POC-000403)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á negociación coa Fegamp dun



novo sistema de distribución das transferencias non finalistas aos concellos de Galicia, o incremento destas e a súa integración no Fondo de Cooperación Local para o exercicio 2020, así como o establecemento nese ano dos criterios para a repartición das subvencións da Comunidade Autónoma ás entidades locais
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2020
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º